

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA ABONO

2023 **AUDITORIO**

2024 **DE GALICIA**



fiando historias

MIGRACIONES



Éste vaise i aquél vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tes, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non tén pais.
E tes corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.

iPra a Habana!, Rosalía de Castro

MIGRACIONES



**GORETTI
SANMARTÍN REI**

É unha honra como alcaldesa de Santiago de Compostela presentar por primeira vez a temporada de abono da Real Filharmonía de Galicia e o Auditorio de Galicia, referentes ambas as institucións da cultura da cidade e do país.

En primeiro lugar, quero parabenizar a Baldur Brönnimann como novo director titular, renovación que supón unha nova andaina que fará da orquestra unha institución máis comprometida, máis social e coas súas miras postas nun presente e nun futuro máis plural e diverso.

Así o mostra a nova temporada 2023-2024, titulada Migracións, que presentamos nas seguintes páxinas. Ao longo de toda a historia e ata hoxe mesmo, os movementos de poboación son unha constante. Persoas que abandonan os seus lugares de orixe, moitas veces arriscando a súa vida, fuxindo da pobreza, da opresión, de futuros incertos ou, simplemente, buscando novas realidades.

A programación de abono será un relato amplo, cheo de historias, de emocións, de estéticas, de descubrimentos... a través das partituras de compositores e compositoras de todo o mundo. Creadores e creadoras que deixaron nas súas obras un testemuño da súa vida e do seu tempo na música.

Temos a seguridade que unha orquestra pública, como a arte, ten o deber de ofrecer ao público risco e novidade, e por iso, ademais das obras clásicas de repertorio máis recoñecidas, a Real Filharmonía de Galicia recupera un gran número de músicos e obras esquecidas, nun intento de restaurar a memoria universal na que a música ten un papel primordial, e tamén tendo en conta a obra dos galegos Hugo Gómez-Chao, Jacobo Gaspar ou Manuel Balboa.

Convidovos a acompañarnos nesta travesía e gozar desta viaxe coa Real Filharmonía de Galicia no Auditorio de Galicia.

DIRECTOR TITULAR E ARTÍSTICO DA REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA



Os primeiros galegos que coñecín eran veciños do barrio onde nacín. Era unha vila industrial e as familias galegas chegaron xunto con andaluces, portugueses ou italianos para traballar nas fábricas suízas. Hoxe, o inmigrante son eu. Traballando por primeira vez en Galicia, lembreime dos meus vellos veciños galegos e de como a migración marcou esta terra e á súa poboación. E de aí xurdiu por primeira vez a idea de facer unha temporada sobre migracións.

A migración non é un simple feito demográfico. É a historia da xente, das familias e das persoas migrantes e dos seus sentimentos. Tiven a sorte de non ter que viaxar nun caiuco para chegar ata este país, pero aínda así hai sentimentos que todos os que fomos vivir a outro lugar compartimos: a nostalgia dos que deixamos atrás e a ilusión do que está por vir. Estes sentimentos de distancia, de ausencia (creo que isto é a morriña) e de esperanza están presentes na música, tanto nas propias

obras como na vida dos compositores que as crearon. Son emocións que todas e todos compartimos e que conectan o pasado co presente.

Na Real Filharmonía de Galicia queremos amosar o tema das migracións como reflexo musical desas sensacións e tamén pola importancia que este fenómeno ten na historia desta fermosísima terra.


O mundo das migracións é un mundo de diversidades, de diferentes identidades, estéticas, propostas, formas e referencias. Convidámoslos a celebrar connosco esta diversidade que representa a riqueza da nosa sociedade actual, desde a música das cortes reais ata a música electrónica ou a tradicional chinesa.

Unha parte central do noso proxecto coa RFG é o apoio ás novas xeracións. Unha das misións da nosa institución é axudar a estes músicos/as, compositores/as e directores/as de orquestra para que densenvolvan o seu potencial e contribuir, deste xeito, a fomentar o tecido musical da Galicia do mañá, apostando pola igualdade de oportunidades e de xénero. Este proxecto baséase en tres eixos: reforzo do proxecto da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) e dúas novas iniciativas: un obradoiro de lectura para obras de novos compositores/as e outro de dirección para un novo/a director/a asistente.

Tamén queremos seguir reforzando a nosa actividade educativa e familiar con concertos para estes públicos.

Somos conscientes, así mesmo, de que os hábitos de escoita e os seus fundamentos sociais están cambiando. Por este motivo e, para a xente que se achega a nós por vez primeira, presentamos unha nova proposta de programas chamados (EN)FOCO, concertos comentados dunha hora de duración.

Esta é a miña primeira temporada coa RFG, un proxecto que me ilusiona pola súa especial identidade e polas metas que deseñamos. Todo o noso equipo está desexando compartir con vostedes esta nova temporada, primeira pedra do noso futuro!



BALDUR BRÖNNIMANN

COMPOSITORAS E COMPOSITORES A DESCOBRIR



Igor Stravinski



Sergei Rachmaninov



György Ligeti

Para presentar as pegadas migratorias no panorama musical escollemos tres perspectivas:

compositores exiliados

A historia musical está chea de expatriados, perseguidos ou fuxidos. Persoas como Igor Stravinski, Erich Wolfgang Korngold, Sergei Rachmaninov ou György Ligeti no século XX, Richard Wagner no século XIX ou Luigi Boccherini ou Gaetano Brunetti no século XVIII son só algúns dos compositores que buscaron a súa fortuna lonxe da súa terra.

Nesta temporada fixarémonos nestes compositores a través das obras máis importantes que escribiron no exilio, por exemplo:

Danzas Sinfónicas · Sergei Rachmaninov
novos destinos

Sinfonía núm. 9 “Do Novo Mundo” · Antonín Dvořák
dende o exilio

Idilio de Sigfrido · Richard Wagner
o son que latexa

Tocata e Due Canzoni · Bohuslav Martinu
percorrendo a felicidade

Sinfonía núm. 1 “Clásica” · Sergei Prokofiev
dous continentes

Sinfonía núm. 2 · Kurt Weill
dende o inefable

Concerto para violín · Erich W. Korngold
fin da viaxe

Sinfonía en tres movementos · Igor Stravinski
fin da viaxe

Kaija Saariaho

Kaija Saariaho, finesa afincada en París, foi unha das creadoras máis importantes do noso tempo. Faleceu recentemente, en xuño do 2023. A súa linguaxe musical inspírase na distancia e na memoria, misturando sons acústicos con electrónica. Presentamos a súa música nos seguintes programas:

Ciel d'Hiver
novos destinos

D'om le vrai sense
dende o inefable

La Passion de Simone
a paixón de Simone

Obras de cámara
concerto alumnado da EAEM



Kaija Saariaho



György Ligeti

Roberto Gerhard

Fillo de pais inmigrantes en Cataluña, Roberto Gerhard é un dos compositores españois máis importantes do século XX e o único alumno español de Arnold Schoenberg. Logo da vitoria fascista na Guerra Civil, exiliouse primeiro en Francia e despois en Inglaterra. Escoitaremos ao longo da programación algunhas das súas obras máis significativas xusto antes e despois do seu exilio:

Albada, interludi i danza
dende o exilio

Alegrías
viaxe de volta

Sinfonía núm. 1
viaxe de volta

Obras de cámara
concerto alumnado da EAEM



TEMPORADA ABONO 2023|2024

AUDITORIO DE GALICIA

PROGRAMA

OUTUBRO



Baldur Brönnimann



Alberto Rosado

novos destinos

ABONO

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Alberto Rosado, pianista

- Kaija Saariaho: Ciel d'Hiver
- György Ligeti: Concerto para piano e orquestra
- Sergei Rachmaninov: Danzas Sinfónicas, op. 45

*Coa participación do alumnado da EAEM

XOV 5 OUT (18€)

Auditorio de Galicia, 20:00 h

*Viño con Galicia Calidade ao rematar

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann
& Alberto Rosado

Sala Mozart, 19:15 h

VEN 6 OUT

Auditorio de Ferrol, 20:30 h

FERROL

Estreamos temporada coa recentemente falecida Kaija Saariaho, unha das compositoras máis importantes da actualidade. De orixe fina e afincada en París, na súa escrita mestúrase a poética herdada de Sibelius co espectralismo e a electrónica. En *Ciel d'Hiver*, de 2013, a orquestra debuxa o movemento estelar a través dun complexo entramado tímbrico. O compositor transilvano György Ligeti, case o único supervivente do nazismo na súa familia, comezou o *Concerto para piano e orquestra* en máis de 20 ocasións, dándoo por rematado en 1981. Na súa sección de percusión empréganse asubíos, castañolas, maracas e ata un látego! As *Danzas Sinfónicas* do compositor ruso Sergei Rachmaninov, exiliado nos Estados Unidos, pechan o concerto. Nelas adivíñase a lembranza de Rimsky-Kórsakov e da música tradicional rusa.

Mozart ao teu carón

CICLO DE LIED



Juliane Banse, soprano
Alexander Krichel, piano
István Simon, bailarín
Andreas Heise, coreógrafo e director

- W. A. Mozart. Selección
 - Sonata para piano núm. 12 en Fa maior, K. 332: I. Allegro
 - Das Veilchen, K. 476
 - An die Freude, K. 53
 - Das Traumbild, K. 530
- Sonata para piano núm. 12 en Fa maior, K. 332: II. Adagio
 - Als Luise die Briefe, K. 520
 - Das Lied der Trennung, K. 519
 - Fantasía en do menor, K. 475
 - Der Zauberer, K. 472
 - An Chloe, K. 524
 - Abendempfindung, K. 523
- Sonata para piano núm. 12 en Fa maior, K. 332: III. Allegro assai
- Requiem en re menor, K. 626: Lacrimosa (Transcripción para piano Franz Liszt)

*En colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago

MÉR 11 OUT (12€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Teresa Adrán
Sala Mozart, 19:00 h

Andreas Heise explora o amor, a perda e o deixar ir a través dunha selección de cancións e pezas para piano de Mozart. Ademais do canto e o piano, a danza funciona como un medio dramaturxico para facer intensamente tanxibles sentimentos e situacións. Movemento, voz e piano mestúranse nunha soa expresión e ofrecen unha experiencia teatral apaixonante e moi emotiva coa música de Mozart.



Joana Carneiro

André Cebrián

mar en calma

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora
André Cebrián, frauta

- Felix Mendelssohn: Meeresstille und glückliche Fahrt op. 27 (Mar en calma e próspera viaxe)
- John Corigliano: Viaxe para frauta e corda
- Estrea en España
- Moisey Samuilovich Weinberg: Concerto núm. 1 para frauta e corda op. 75
- Felix Mendelssohn: Sinfonía núm. 3 en Si menor, op. 45 “Escocesa”

MÉR 18 OUT

Teatro Afundación, 20:00 h
VIGO

XOV 19 OUT (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Joana Carneiro & André Cebrián
Sala Mozart, 19:45 h

VEN 20 OUT

Círculo das Artes, 20:00 h
LUGO

Neste programa propoñemos un paseo musical da man do lirismo de Felix Mendelssohn e do talento extraordinario do frautista galego André Cebrián. Comezamos pola abertura *Mar en calma e próspera viaxe*, obra inspirada nun poema de Goethe. A seguir, dous concertos para frauta: o do neiorquino John Corigliano coa súa peza *Viaxe para frauta e orquestra de cordas*, composta a partir do poema de Baudelaire *L'Invitation au voyage*; e o *Primeiro concerto para frauta e orquestra* do compositor polaco Moisey Samuilovich Weinberg, exilado en Rusia tras perder a toda a súa familia na Shoah. A segunda parte protagonízaa a *Sinfonía núm. 3* de Mendelssohn, coñecida como *Escocesa*, obra que desde a escuridade inicial se afirma exultante, remitindo á capacidade da música como consolo do espírito.

dende o exilio

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Pablo González, director

- Roberto Gerhard: Albada, interludi i danza
- Arnold Schoenberg: Sinfonía de cámara núm. 2
- Antonín Dvořák: Sinfonía núm. 9 en Mi menor, op.95 'Do Novo Mundo'

*Coa participación do alumnado da EAEM

XOV 26 OUT (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Pablo González

Sala Mozart, 19:45 h

Outra das escollas desta temporada é Roberto Gerhard, compositor catalán exiliado en Cambridge que gozou dun gran recoñecemento internacional mentres en España era silenciado pola ditadura. Autor dun amplo catálogo, a obra *Albada, interludi i danza*, estreouse durante a Guerra Civil como un berro de liberdade, construído cun orixinal uso do atonalismo e da música popular. O seu mestre, o xudeu austríaco Arnold Schoenberg escribiu no seu exilio nos Estados Unidos a *Sinfonía de cámara núm. 2*, obra que lle levou 33 anos e na que se afasta do dodecafonismo para construír unha música de cativadora amplitude tonal. O concerto péchase coa *Sinfonía do novo mundo* do checo Antonín Dvořák na que se atopan melodías populares americanas e bohemias, estas últimas tan do gusto do público que fixeron del un dos compositores máis recoñecidos en vida.



Pablo González

NOVEMBRO

le grand tour

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Aarón Zapico, director

- Charles Avison: Concerto grosso núm. 5 en Re menor, sobre as sonatas de Domenico Scarlatti
- José Castel: Sinfonía núm. 3
- Georg Philipp Telemann: Abertura “La Bizarre” en Sol Maior
- Johann Sebastian Bach: Sinfonía da Cantata “Am Abend aber desselbigen Sabbaths”
- Franz Xaver Richter: Gran Sinfonía núm. 4
- Joseph Haydn: Sinfonía núm. 30 en Do Maior “Alleluia”

XOV 9 NOV (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Aarón Zapico

Sala Mozart, 19:45 h

Poucas viaxes foron tan simbólicas como a que emprendían os mozos europeos de clase alta destinados a liderar Europa: o *grand tour* levounos a coñecer as grandes obras de arte que os marcarían para sempre. Pezas coma as de Charles Avison, quen malia non saír nunca de Inglaterra escribiu os seus *12 Concerti Grossi* como se fose un compositor italiano; ou José Castel, chamado no seu día o “Haydn español”, de cuxa inxente obra se interpreta a Sinfonía núm. 3; ou Georg Philipp Telemann, un dos músicos máis prolíficos da historia, con máis de 3.700 obras entre as que se atopa a suite-abertura *La Bizarre*. Bach é cita indispensable neste *grand tour* musical, como Frantisek Xaver Richter, mestre indiscutible da Escola de Mannheim coas súas inesquecibles 80 sinfonías, entre elas, *A Grande*. A nosa gran viaxe remata felizmente cun broche maiestático, a sinfonía núm. 30 de Haydn, sobrenomeada *Alleluia*.



Aarón Zapico

Timothy Brock

o inmigrante

ABONO - CINEUROPA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Timothy Brock, director

- Nino Rota: *Il Gattopardo*: Ballabili
- Miklós Rózsa: *Serenata Húngara*, op. 25
- **Estrea en España**
- *The Immigrant*. Director: Charles Chaplin, 1917. Música: Timothy Brock, 2012

XOV 16 NOV (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

O concerto de Cineuropa é xa un clásico dentro da programación da Real Filharmonía de Galicia. Este ano comezamos con *Il gattopardo* de Nino Rota, considerada unha obra mestra da música para cine. Visconti quedou fascinado polos *Ballabili* do músico napolitano, que reproducen nos seus aires de danza a beleza decadente dun mundo en plena descomposición. A esta obra séguelle a *Serenata húngara* de Miklós Rózsa, quen compuxo un cento de bandas sonoras, tres delas gañadoras dun Oscar; porén, o músico húngaro nunca abandonou a música “pura” e na *Serenata* pode apreciarse a importancia do folclore da súa terra e a pegada de mestres como o tamén húngaro Zoltan Kodály. Estas dúas obras serven de antesala ao filme *The Immigrant* de Charles Chaplin, á que pon música o compositor e director estadounidense Timothy Brock, especializado na creación de música para cine mudo.

o son que latexa

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

- Richard Wagner: Idilio de Sigfrido
- Hugo Gómez-Chao: Schattenhaft
- Encarga RFG · Estrea absoluta
- Franz Berwald: Sinfonía núm. 3 “Singulière”

*Coa participación do alumnado da EAEM

MÉR 22 NOV

Teatro Afundación, 20:00 h
VIGO

XOV 23 NOV (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h
CONVERSANDO CON...
Baldur Brönnimann
& Hugo Gómez-Chao
Sala Mozart, 19:45 h

VEN 24 NOV

Auditorio de Ferrol, 20:30 h
FERROL

Este programa ábrese cun dos cantos de amor máis universais, o *Idilio de Sigfrido*, co que Wagner agasalla a súa dona, Cosima Liszt. Destinada ao ámbito doméstico, é por iso unha das súas poucas obras exclusivamente orquestrais. Na mesma atmosfera intimista desenvólvese *Schattenhaft*, estrea do compositor galego Hugo Gómez-Chao, que traslada o universo poético dos corpos en resonancia ao mundo dos sons, xogando coa idea da ausencia, da presenza e da lembranza. Este mesmo delicado mundo interior desprégase na segunda parte do concerto cunha obra do sueco Franz Berwald, compositor romántico considerado hoxe un dos músicos máis importantes de Suecia, a pesar de que mentres viviu tivo que traballar como ortopédico ou en distintas fábricas en Berlín. Nunca interpretada en vida do músico, a súa *Sinfonía núm. 3 “Singulière”* é unha obra vitalista que se inspira no folclore escandinavo.



Hugo Gómez-Chao

DECEMBRO

exultate jubilate

ABONO



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Maximino Zumalave, director

Carmen Buendía, soprano

- Manuel Balboa: Saturnal
- Osvaldo Golijov: Lúa descolorida
Estrea en España
- Wolfgang Amadeus Mozart: Exultate Jubilate, K.165 (158a)
- Franz Schubert: Sinfonía núm. 6 D.589, en Do Maior

*En colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago

XOV 14 DEC (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Maximino Zumalave

Sala Mozart, 19:45 h

VEN 15 DEC

Teatro Principal, 20:00 h

OURENSE

O presente e o pasado danse a man neste programa con obras contemporáneas e do gran repertorio. En *Saturnal*, de Manuel Balboa, aflora a estética intimista e o uso tan persoal das cores tímbricas que impregnan as obras orquestrais do músico coruñés, falecido no 2004. Galicia está tamén presente en *Lúa descolorida*, peza para voz e orquestra composta polo arxentino Osvaldo Golijov sobre o poema de Rosalía de Castro, escrita cun exquisito sentido lírico. A voz feminina protagoniza tamén o motete mozartiano *Exultate Jubilate*, unha das pezas vocais máis festivas e coñecidas do salzburgués, escrito orixinariamente para castrato. O concerto remata coa *Sinfonía núm. 6* de Franz Schubert, unha das obras máis italianizantes do mestre vienés que nunca chegou a escoitala en vida.



Maximino Zumalave



Carmen Buendía



Javier Fajardo



Orfeón Terra A Nosa

cantamos!

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Javier Fajardo, director

Coro Orfeón Terra A Nosa · Mateo Iglesias, director

Proxecto colaborativo con coros de Galicia

- Ludwig van Beethoven: Abertura de Fidelio
- Juan Montes: Misa na honra do Apóstolo Santiago (arr. Joam Trilho)

XOV 21 DEC (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Javier Fajardo

Sala Mozart, 19:45 h

Poucas experiencias hai máis felices que cantar nun coro; quizais só superable a cantar nun encontro de coros, vivindo a experiencia de dar vida coa voz dun mesmo e das persoas que están a carón de obras tan importantes para a música da nosa terra como a *Misa na honra do Apóstolo Santiago*, do lucense Juan Montes. A pesar de non saír nunca de Lugo, e de levar alí unha vida dedicada á devoción, Montes deixou bailables, música de salón e a súa inesquecible *Negra Sombra*, unha canción imantada á identidade de Galicia como poucas. Sen embargo, o xénero que cultivou toda a súa vida foi o relixioso, no que sobresaee esta *Misa*.

XANEIRO



Baldur Brönnimann



Inés Salvado Gontad

a bela dormente

ABONO · CONCERTO DE REIS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Inés Salvado Gontad, narradora

· Piotr Ilich Chaikovski: A bela dormente (selección)

VEN 5 XAN (15€)

Auditorio de Galicia, 21:00 h

O despertar á vida por amor é unha constante na música clásica. Sabémolo a través de Brunilda, Perséfone ou Brancaneves. Este é tamén o caso da obra que ocupa o Concerto de Reis, o ballet *A bela dormente*, en cuxa estrea se deron cita os nomes lendarios do ballet ruso: a coreografía de Petipa e a música de Chaikovski, na súa primeira colaboración. *A bela dormente* suaviza a crúa trama do conto de Perrault deixando toda a historia nunha loita xenérica entre o ben o mal. Maila a beleza da música e a todos os achados de *A bela dormente*, o ballet recibiu como única valoración un sucinto “moi bonito” do Tsar Alexandre III. Co paso do tempo, o enfado de Chaikovski sería recompensado pola valoración da historia.

viaxe de volta

(EN)FOCO



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

- Roberto Gerhard: Suite do ballet Alegrías
- Roberto Gerhard: Sinfonía núm. 1

*Coa participación do alumnado da EAEM

XOV 11 XAN

Teatro Afundación, 20:00 h
VIGO

VEN 12 XAN (10€ · De balde para as persoas abonadas)

Auditorio de Galicia, 20:00 h
*Viño con Galicia Calidade ao rematar

Este concerto monográfico homenaxea un dos dos compositores españois máis importantes e descoñecidos, Roberto Gerhard. Exiliado xa durante a Guerra Civil en Cambridge e autor dun amplo catálogo, Gerhard compuxo cinco ballets completos, sendo *Alegrías* o cuarto. O seu aparente estilo andaluz está moi matizado polas disonancias e irónicas melodías modulantes que o arredan de estereotipos. O ton festivo e luminoso de *Alegrías* tórnase máis escuro e pesimista na *Sinfonía núm. 1*, estreada en Baden-Baden en 1955. Dedicada á súa dona Poldi Gerhard, a quen coñeceu na capital austríaca, onde traballaba dando clases de castelán para vivir, a sinfonía emprega xa no primeiro tema o dodecafonismo, no que Gerhard brillou como poucos compositores. En toda a peza latexa un ton sombrío, recordo das dúas guerras que tiñan asolado a biografía persoal do músico.



Catriona Morison

Konstantin Krimmel

Roberto GerHard

duettos

CICLO DE LIED



Catriona Morison, mezzosoprano

Konstantin Krimmel, barítono

Ammiel Bushakevitz, piano

- Felix Mendelssohn: 4 Duette aus op.63
- Gustav Mahler: Des Knaben Wunderhorn - Ausgewählte Lieder
- Robert Schumann: 4 Duette, Op.34
- Johannes Brahms: 4 Duette, Op.28

*En colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago

XOV 18 XAN (12€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

A determinar
Sala Mozart, 19:00 h

O poeta Novalis describiu así o lied “É, sen dúbida, o xénero que dá sentido á música romántica por excelencia. Xunta en singular simbiose a música e a poesía co trasfondo do fenómeno do idealismo alemán, onde se produce unha verdadeira comunión das artes e o pensamento literario e filosófico... Pero que ocorre co lied para que nos conmovia ou perturbe con tanta intensidade a través da voz e dun piano cómplice?”

percorrendo a felicidade

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Rita Castro Blanco, directora

- Wolfgang Amadeus Mozart: Abertura de "As vodas de Figaro", KV. 492
- Arthur Honegger: Pastorale d'été, H.31
- Bohuslav Martinu: Toccata e due canzoni, H.311
- Wolfgang Amadeus Mozart: Sinfonía núm. 38 "Praga", K. 504

*Coa participación do alumnado da EAEM

XOV 25 XAN (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Rita Castro Blanco

Sala Mozart, 19:45 h

VEN 26 XAN

Teatro Afundación, 20:00 h

VIGO

Mozart abre e pecha o concerto con dúas obras que exemplifican a súa inigualable xenialidade. A *Abertura das vodas de Figaro* introduce o carácter bufo desta ópera co seu ritmo veloz e enérxico que, a diferenza do que sucede noutras aberturas, non cita ningún dos temas que aparecerán despois. Este ambiente festivo dá paso ao poema sinfónico de Honneger *Pastorale d'été*, de influencia debussiana. Non menos brillante e extensa é a obra do checo Martinu, quen levou á súa música os ecos dos países nos que viviu. Orixinalmente as dúas *canzoni* eran unha luminosa resposta á escuridade de *Toccata*, se ben pouco a pouco a claridade impregnou as tres pezas. Moi amado no país de Martinu foi sempre Mozart; a *Sinfonía núm. 38, Praga*, foi composta trala morte do seu fillo pequeno sen que esa tristeza se trasladase á partitura: enigmas da música.



Rita Castro Blanco

FEBREIRO

mestres das cortes reais

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Enrico Onofri, director

- Domenico Scarlatti: Sinfonía en Do Maior para cordas e baixo continuo
- Pietro Giorgio Avondano: Sinfonía en Re Maior para cordas e baixo continuo
- Gaetano Brunetti: Sinfonía núm. 22 en sol menor para 2 óboes, fagot, 2 trompas e cordas
- Luigi Boccherini: “Musica Notturna nelle strade di Madrid” núm. 6, op. 30
- Luigi Boccherini: Sinfonía núm. 4 en re bemol menor, op. 21 “La casa del diavolo”

MÉR 7 FEB

Teatro Principal, 20:00 h
OURENSE

XOV 8 FEB (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Enrico Onofri
Sala Mozart, 19:45 h

Este programa podería titularse “xoias dos mestres das cortes reais”. Comeza co napolitano Domenico Scarlatti, brillante e prolífico compositor de sonatas (escribiu máis de 550). Foi mestre da corte en Madrid despois de percorrer Europa, influencia que se deixa sentir na *Sinfonía en Do Maior para cordas e baixo continuo*. Mestre da corte portuguesa tamén foi Pietro Giorgio Avondano, dotado dunha gran vea dramática que emerxe na súa *Sinfonía para cordas e baixo continuo*. A enorme produción de Luigi Boccherini, músico na Corte de Filipe V, quedou eclipsada pola fama da súa *Musica Nocturna nas rúas de Madrid*, malia estar convencido de que non podería entenderse fóra do país. Súa é tamén a última obra, a Sinfonía núm. 4 *A casa do demo*, título enigmático que non se debe ao compositor. A partitura perdeuse durante a Guerra Civil, chegando ata hoxe a través dunha copia francesa.



dende o inefable

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Kari Kriikku, clarinete

- Kaija Saariaho: D'om le vrais sense
- Erich Wolfgang Korngold: Tema e variacións op. 42
- Kurt Weill: Sinfonía núm. 2

*Coa participación do alumnado da EAEM

XOV 15 FEB (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann
Sala Mozart, 19:45 h

VEN 16 FEB

Palacio da Ópera, 20:00 h
A CORUÑA

Prosegue a nosa homenaxe a unha compositora referente na actualidade, Kaija Saariaho. A súa música instrumental revela un sentido único da composición, coas súas amplas texturas de esencias nórdicas e riqueza tímbrica, como se recolle en *D'om le vrai sens* (concerto para clarinete e orquestra) no que a finesa propón unha viaxe sonora a través dos cinco sentidos. Outra viaxe, neste caso nostálgica á súa Europa natal, é a que fai Erich Korngold en *Tema e variacións*, escrita no exilio americano, onde tivo un gran recoñecemento como músico de cine e gañou dous Oscars. O concerto péchase coa *Sinfonía núm. 2* de Kurt Weill, un compositor tamén obrigado ao exilio e que sempre reivindicou a necesidade dunha postura de compromiso ético a través da música. A sinfonía recupera o espírito da súa ópera *Mahagonny* pero nun ambiente sonoro máis clasicista e depurado.

territorios da entropía

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Director/a asistente

Judith Jáuregui, piano

- Inés Badalo: Entropía
- Manuel de Falla: Noches en los jardines de España (orq. Bética)
- Juan Crisóstomo Arriaga: Sinfonía en Re

XOV 22 FEB (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Director/a asistente

Sala Mozart, 19:45 h

VEN 23 FEB

Teatro Afundación, 20:00 h

VIGO

O concerto de hoxe trasládanos do caos á orde a través dunha viaxe que comeza con *Entropía*, da compositora luso-española Inés Badalo, unha lúcida reflexión a modo de xogo de texturas. Unha afirmación contra o caos é a vida e a obra de Manuel de Falla xa desde os seus anos de xuventude en París, cidade que tivo que abandonar tralo estoupido da Primeira Guerra Mundial. Levaba na maleta os bosquejos de *Noches en los jardines de España*, un concerto para piano no que o impresionismo francés abraza o horizonte do andaluz, facéndoo universal. Tamén París moldeou o xenio do último compositor do concerto, Juan Crisóstomo Arriaga, chamado “o Mozart español”, tan prodixioso como Mozart, e de morte aínda máis prematura, aos 20 anos. A súa *Sinfonía en Re* é un testemuño único do seu talento.



Judith Jáuregui

MARZO

ondas de inspiración

(EN)FOCO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Johanna Malangré, directora

- Jacobo Gaspar: De Mar a Mar
- **Encarga RFG · Estrea absoluta**
- Igor Stravinski: Danses Concertantes
- Robert Schumann: Sinfonía núm. 2 en Do Maior, op. 61

*Coa participación do alumnado da EAEM

XOV 7 MAR

Teatro Afundación, 20:00 h
VIGO

VEN 8 MAR (10€ · De balde para as persoas abonadas)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

O concerto ábrese cunha estrea do compositor galego Jacobo Gaspar, *De Mar a Mar*, na que latexa a súa constante procura das posibilidades expresivas do son, a través de texturas e referencias poético-musicais. Nas antípodas estéticas sitúase Igor Stravinski, quen atopou no repertorio histórico o sedimento sonoro da súa música. As *Danzas concertantes* foron estreadas en Los Angeles en 1942 co compositor como director; a obra contén toda a enerxía rítmica das súas primeiras composicións e a claridade e refinamento melódico das súas obras neoclásicas. Robert Schumann pon fin ao concerto coa segunda das súas catro sinfonías, estreada por Mendelssohn en 1846 con escaso éxito. Esta obra componse nunha época difícil para Schumann, sumido nun desacougo que non se reflicte na obra, escrita cunha linguaxe moi innovadora e cun empuxe orquestral moi vencellado ao Beethoven sinfónico.



Johanna Malangré



Baldur Brönnimann



Alfonso Mujica

sons latinoamericanos

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Alfonso Mujica, barítono · narrador

- Alberto Ginastera: Estancia, op. 8 - Ballet completo
- Obras de Márquez, Moncayo e Blas Galindo

XOV 14 MAR (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann
& Alfonso Mujica
Sala Mozart, 19:45 h

VEN 15 MAR

Centro Cultural Afundación, 20:30 h

PONTEVEDRA

Argentina e México foron dous dos países de Latinoamérica que acolleron a un maior número de emigrantes e exiliados galegos; por iso, quixemos facer un programa homenaxe á súa música popular. Dos anos nos que Arxentina acolleu á diáspora galega é o ballet *Estancia*, composto polo riopratense Alberto Ginastera no 1941. En *Estancia* agroman as raíces do folclore arxentino e da herdanza musical europea, nun estilo vencellado ao nacionalismo que o compositor irá abandonando progresivamente ata abrazar a linguaxe de vangarda. A presenza do narrador dálle a esta obra unha impronta moi orixinal. Nas composicións dos mexicanos de Moncayo, Blas Galindo e Márquez atopamos un claro exemplo de como a música popular azteca, con elementos do folclore e ritmos indíxenas, convive e se sincretiza coa (mal?) chamada música culta.

dous continentes

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jessica Cottis, directora

Amy Dickson, saxofón

- Serguéi Prokofiev: Sinfonía núm. 1 en Re Maior, op.25 “Clásica”
- Peter Sculthorpe: Island Songs
- Estrea en España
- Joseph Haydn: Sinfonía núm. 104 en Re Maior ‘Londres-Salomon’

XOV 21 MAR (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Jessica Cottis
Sala Mozart, 19:45 h

VEN 22 MAR

Auditorio de Ferrol, 20:30 h

FERROL

Partimos neste programa cara aos confíns do mundo para retornar ao corazón de Europa. Da escuridade da historia xorde a música de Prokofiev, proscrito por “formalista” mentres a súa dona, a española Lina Codina, era confinada nun gulag. Na súa *Sinfonía Clásica* recrea os procedementos compositivos do clasicismo, especialmente os de Haydn. Das antípodas é Peter Sculthorpe, nacido en Tasmania en 1929, quen tivo na paisaxe e nas xentes australianas a inspiración para as súas numerosas composicións. *Island Songs* é unha breve peza para saxofón e orquestra de carácter lírico e evocador. Este percorrido retorna ao núcleo da música clásica, á *Sinfonía 104 Londres-Salomon* de Haydn, coa que pon fin a máis de 50 anos como compositor sinfónico.



Jessica Cottis



Amy Dickson

ABRIL

devoción wagneriana

ABONO

ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA

Dima Slobodeniouk, director

· Anton Bruckner: Sinfonía núm. 3 en re menor

XOV 4 ABR (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Anton Bruckner sufriu ao longo da súa vida os ataques dos partidarios de Brahms, co crítico Hanslick á cabeza. A súa declarada devoción por Wagner fíxolle granxearse a enemistade e a incompreensión do ambiente musical de Viena ata que chegou o éxito coa súa sétima sinfonía. Tiña daquela máis de 60 anos. Atrás quedaba o fracaso da súa terceira sinfonía que tanto lle doeu e que, sen embargo, tanto admirou Wagner. Máis que este, Bruckner foi o compositor favorito de Goebbels e do nazismo. Tanto é así que facía comezar os encontros de Nuremberg e Regensburg coas sinfonías brucknerianas, unha exaltación marcial e supremacista que nunca compartiu o compositor e organista, un home bo, solitario, relixioso e obsesionado con deixar un gran legado. O seu colosal ciclo sinfónico dá fe que o conseguiu.



Dima Slobodeniouk



Kaija Saariaho



Joana Carneiro



Karen Vourc'h

a paixón de Simone

ABONO

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

Karen Vourc'h, soprano

Ângela Alves, Joana Valente, André Lacerda e Luís Pereira, cuarteto vocal

· Kaija Saariaho: La Passion de Simone (versión de orquesta de cámara)

Estrea en España

*En colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago

XOV 11 ABR (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Joana Carneiro

Sala Mozart, 19:45 h

Esta noite deixáremonos levar por diversos sentidos a partir dunha das obras imprescindibles da contemporaneidade, o oratorio *A paixón de Simone* de Kaija Saariaho, creadora referente da composición para voz. Co subtítulo de *Viaxe musical en 15 escenas*, narra a vida da filósofa francesa Simone Weil, coñecida como a “virxe vermella” ou a “santa laica” cuxos escritos deixaron unha forte pegada en compañeiras como Simone de Beauvoir. Saariaho moldea a través do seu excepcional manexo das texturas orquestrais os momentos de ascetismo, iluminación, lucidez e entrega da intelectual, morta no exilio en Londres en 1943 cando tiña 34 anos por negarse a comer máis alimentos dos que se lle daban aos soldados que estaban loitando na fronte.



a cor da memoria

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Wu Wei, sheng

- Itziar Viloria: Oihartzun gorriak (Ecos vermellos)
[Co-encarga da RFG e a Euskadiko Orkestra](#) · [Estrea absoluta](#)
- Huang Ruo: The Colour Yellow for Sheng and Orchestra (A cor amarela para sheng e orquestra)
[Estrea en España](#)
- Igor Stravinski: O paxaro de lume, suite (versión 1945)

**Coa participación do alumnado da EAEM*

MÉR 17 ABR

Teatro Afundación, 20:00 h
VIGO

XOV 18 ABR (18€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h
[CONVERSANDO CON...](#)
Baldur Brönnimann
Sala Mozart, 19:45 h

As cores moldean os sons e a tímbrica deste concerto, que se abre con *Ecos vermellos*, estrea da compositora vasca Itziar Viloria, quen compón desde unha perspectiva interdisciplinar. *Ecos vermellos* fálanos da cor e da memoria, da vida das xentes e dos lugares que se fan universais a partir dun pequeno territorio propio, como a Bizkaia industrial onde naceu a compositora. Das tímbricas vermellas achegámonos ás distintas variantes do amarelo en *A cor amarela para sheng e orquestra*, do compositor chinés-norteamericano Huang Ruo, quen, a partir deste instrumento de cana milenario da China, fusiona as culturas chinesa e europea, clásica e popular. O programa retoma a cor vermella última suite do ballet o *Paxaro de lume*, de Stravinski. Obra de 1945, foi a versión que máis satisfixo o compositor ruso, nacionalizado norteamericano despois de deixar Francia.



Wu Wei

MAIO

sons adormecidos

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Enrico Onofri, director

- Luigi Cherubini: Abertura Medea
- Antonio Sacchini: Ciaccona en do menor
- Josef Martin Kraus: Sinfonía en do menor
- Ferdinando Paër: Abertura Leonora
- Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 4 en Si bemol Maior, op. 60

MÉR 15 MAI

Círculo das Artes, 20:00 h
LUGO

XOV 16 MAI (15€)

Auditorio de Galicia, 20:30 h
CONVERSANDO CON...
Enrico Onofri
Sala Mozart, 19:45 h

Redescubrir é o verbo que activa este programa, comezando coa abertura de *Medea*, a obra mestra de Luigi Cherubini, compositor admirado por Beethoven. Antonio Sacchini morreu aos 57 anos, deixando 50 óperas e unha vida de luxo, excesos e obras de todos os xéneros, entre as que figura a súa *ciaccona en do menor*. Joseph Martin Kraus foi coetáneo de Mozart (e morreu coa mesma idade, 36 anos); admirado por Haydn, foi compositor na corte de Gustavo III de Suecia, non sen antes pasar anos de penuria. Destaca entre as súas 15 sinfonías a escrita en *Do menor*. Tamén excelente foi a fama de Ferdinando Paër ata que o século XX o esqueceu por completo; un exemplo é a súa ópera *Leonora*, eclipsada pola de Beethoven, a pesar do seu éxito en 1804, dous anos antes da estrea da *Sinfonía núm. 4* de Beethoven, obra xenial pero opacada entre a monumental 3ª e o pathos trágico da 5ª.



Enrico Onofri



Hannah Kendall



Missy Mazzoli



Florence Price

herdanza africana

(EN)FOCO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Director/a asistente

- Hannah Kendall: Tuxedo: Vasco de Gama
- **Estrea en España**
- Missy Mazzoli: River Rouge Transfigurations
- Florence Price: Sinfonía núm. 1

XOV 23 MAI

Teatro Afundación, 20:00 h
VIGO

VEN 24 MAI (10€ · De balde para as persoas abonadas)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Tres compositoras protagonizan esta proposta. A británica Hannah Kendall leva á música clásica o seu compromiso racial introducindo chifres da policía neoiorkina ou espirituais negros, como en *Tuxedo: Vasco de Gama*. Un compromiso ético similar é o de Missy Mazzoli, quen estrea nos teatros de ópera máis importantes do mundo, sendo a primeira muller en recibir unha encarga do MET de New York, en 2018. A súa obra *River Rouge Transfigurations* rende homenaxe ao Detroit dos tempos míticos, a partir dunha idea de transformación masiva de ruidos. O programa finaliza con Florence Price, a primeira muller afroamericana recoñecida como compositora sinfónica, a pesar de que compoñer non puido ser o seu único traballo. A *Sinfonía núm. 1* foi estreada en 1933 en Chicago e loubada como obra maxistral. Tiveron que pasar 91 anos para que nós agora poidamos desfrutala.

fin da viaxe

ABONO



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Rosanne Philippens, violín

· John Cage: Atlas Eclipticalis

Estrea en España

· Erich W. Korngold: Concerto para violín en Re Maior, op. 35

· Igor Stravinski: Sinfonía en 3 movementos

*Coa participación do alumnado da EAEM

XOV 30 MAI (18€)

Auditorio de Galicia, 20:00 h

*Viño con Galicia Calidade ao rematar

CONVERSANDO CON...

Baldur Brönnimann

& Rosanne Philippens

Sala Mozart, 19:15 h

VEN 31 MAI

Auditorio de Ferrol, 20:30 h

FERROL

Neste último concerto de temporada facemos unha travesía entre Europa e os Estados Unidos. John Cage, o compositor norteamericano que máis influíu nos artistas europeos do século pasado é o autor de *Atlas Eclipticalis*, unha peza moi aberta que non indica nin o tempo nin o número de intérpretes. A obra superpón a linguaxe propia de Cage a este atlas astronómico, xerando unha interrogación sobre o espazo e o tempo totalmente inaudita ata a súa estrea en 1961. Ao contrario de Cage, a figura de Korngold foi esmorecendo, incapaz de adaptarse á vida no exilio americano. Consagrado como compositor de cine, o que avergoñaba ao seu pai, escribe o seu “canto do cisne” no *Concerto para violín* en 1945. Pecha a velada o compositor que nos ten acompañado toda a temporada, Stravinski, coa *Sinfonía en tres movementos*, inscrita de cheo na súa etapa chamada neoclásica.



Rosanne Philippens

MIGRACIONES



concertos nos barrios

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Maximino Zumalave, director

XOV 14 SET (Entrada libre)
Igrexa de Santa María da Mercede de Conxo, 19:00 h
SANTIAGO DE COMPOSTELA

VEN 15 SET (Entrada libre)
Centro Comercial Área Central, 19:00 h
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SÁB 16 SET (Entrada libre)
Centro Sociocultural de Santa Marta, 19:00 h
SANTIAGO DE COMPOSTELA

sensoxenoma23

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director

· Programa sorpresa

VEN 29 SET (Só para asociacións de doentes)
Auditorio de Galicia, 18:30 h

SÁB 30 SET (Público xeral 3€, con reserva previa)
Auditorio de Galicia, 18:30 h



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Proxecto de investigación en colaboración co IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria)

flying pictures

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director

· Modest Mussorgsky · Ketan e Vivan Bhatti:
Flying Pictures (Cadros voadores) **Estrea en España**

VEN 3 NOV (5€)
Cidade da Cultura, Andar -1 Museo Centro Gaiás, 20:00 h
SANTIAGO DE COMPOSTELA



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA



selección director asistente

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director

· Johannes Brahms: Variacións sobre un tema de Haydn
· Igor Stravinski: Concerto en Mi bemol "Dumbarton Oaks"
· Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 2 en Re Maior, op. 36

XOV 7 DEC (Entrada libre)
Auditorio de Galicia, 20:30 h

obradoiro de composición

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director

VEN 3 MAI (Entrada libre)
Auditorio de Galicia, 20:30 h



pulcinella

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Javier Fajardo, director

Malu Balado, guión e dirección artística

Marcos Pais, narrador

Marta Placer, bailarina

· Igor Stravinski: Pulcinella, Suite para orquestra

XOV 30 NOV

Auditorio de Galicia,
10:00 h e 12:00 h

Para centros educativos

VEN 1 DEC

Auditorio de Galicia,
10:00 h e 12:00 h

Para centros educativos

SÁB 2 DEC (3€)

Auditorio de Galicia,
18:00 h

Concerto familiar

Que triste está Pulcinella! Perdeu a súa máscara e non a atopa... Pasou un martes de Entroido de 1572, no día grande de Nápoles, no que estaba convidado a acudir a un baile!

Pero non pode permitir que ninguén o recoñeza e, xunto con Colombina, correrán mil e unha aventuras ata atopar a máscara, coa que pode disfrazarse e ir á festa á que foi invitado!

o gato con botas

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Santiago Arnal e Anna Fernández (Títeres PerPoc), dirección artística e escénica
Alexandra Semenova, debuxos

XOV 1 FEB

Auditorio de Galicia,
10:00 h e 12:00 h

Para centros educativos

VEN 2 FEB

Auditorio de Galicia,
10:00 h e 12:00 h

Para centros educativos

SÁB 3 FEB (3€)

Auditorio de Galicia,
18:00 h

Concerto familiar

O Gato con Botas ou *Maese Gato* é un conto popular europeo compilado en 1695 por Charles Perrault. Conta a historia dun gato que grazas á súa astucia consegue a fortuna e a man dunha princesa para o seu amo, totalmente pobre. Desde a súa publicación, en 1697, no seu libro *Contos de antano*, que dedicou e regalou á sobriña de Luís XIV, tivo moito éxito.

PerPoc recrea as personaxes e a escenografía cos debuxos da artista rusa Alexandra Semenova, que nos remiten coa súa estética á época do Rei Sol. A música proposta para este espectáculo é o repertorio musical francés dos séculos XVII e XVIII que será, tamén, protagonista.



©Rocío Chacón

pleasure island

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Ariadna Montfort e Estela Merlos, coreógrafas e intérpretes
Cristina Cubells, dirección artística

· Igor Stravinski: Danses concertantes

· Januibe Tejera: Internités

XOV 25 ABR

Auditorio de Galicia,
11:00 h

Para centros educativos

VEN 26 ABR

Auditorio de Galicia,
11:00 h

Para centros educativos

SÁB 27 ABR

Auditorio de Galicia,
18:00 h

Público xeral (+13 anos)

Nos contos 'Non culpes a ninguén' (1956) de Cortázar e 'As preocupacións dun pai de familia' (1919) de Kafka atopamos unha presenza que perturba terriblemente ás súas personaxes. En Cortázar, é a percepción da súa propia man que, sendo unha prolongación máis do seu corpo, comeza a percibirse de forma ameazante cando o personaxe intenta poñer un xerseí. En Kafka, un obxecto vago e indefinido, como "un carrete de fío plano e en forma de estrela", preocupa ao seu observador. Non é posible definir exactamente cal é ese obxecto, nin para que serve, nin por que se garda nesa casa sen motivo aparente... É isto o que máis preocupa ao noso personaxe? Por que?

A proposta cruza o corpo e a música para afondar nos dous imaxinarios e na experiencia co que supostamente é "estraño": que nos contan a estas percepcións, eses prexuízos, esas olladas aparentemente inusuais?

PARTICIPACIÓN ALUMNADO DA EAEM NA TEMPORADA DA RFG

novos destinos

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Alberto Rosado, pianista

XOV 5 OUT SANTIAGO DE COMPOSTELA
VEN 6 OUT FERROL

dende o exilio

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Pablo González, director

XOV 26 OUT SANTIAGO DE COMPOSTELA

o son que latexa

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director

MÉR 22 NOV VIGO
XOV 23 NOV SANTIAGO DE COMPOSTELA
VEN 24 NOV FERROL

viaxe de volta

(EN)FOCO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director

XOV 11 XAN VIGO
VEN 12 XAN SANTIAGO DE COMPOSTELA

percorrendo a felicidade

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Rita Castro Blanco, directora

XOV 25 XAN SANTIAGO DE COMPOSTELA
VEN 26 XAN VIGO

dende o inefable

ABONO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Kari Kriikku, clarinete

XOV 15 FEB SANTIAGO DE COMPOSTELA
VEN 16 FEB A CORUÑA

ondas de inspiración

(EN)FOCO

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA
Johanna Malangré, directora

XOV 7 MAR VIGO

VEN 8 MAR SANTIAGO DE COMPOSTELA

a cor da memoria

ABONO

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Wu Wei, sheng

MÉR 17 ABR VIGO

XOV 18 ABR SANTIAGO DE COMPOSTELA

fin da viaxe

ABONO

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA
Baldur Brönnimann, director
Rosanne Philippens, violín

XOV 30 MAI SANTIAGO DE COMPOSTELA

VEN 31 MAI FERROL

concerto de cámara arredor de Roberto Gerhard

· Obras de cámara de Roberto Gerhard

MÉR 17 XAN (Entrada libre)

Auditorio de Galicia, 19:30 h

concerto do Curso de Especialización Instrumental

· Programa a determinar

SÁB 16 MAR (Entrada libre)

Auditorio de Galicia, 20:30 h

concerto de cámara arredor de Kaija Saariaho

· Obras de cámara de Kaija Saariaho

MÉR 3 ABR (Entrada libre)

Auditorio de Galicia, 19:30 h





CONDICIÓN APLICABLES AOS ABONOS DA PROGRAMACIÓN 2023-2024

VALIDEZ DO ABONO

Os abonos poderán ser trimestrais ou anuais e serán válidos para as actividades indicadas nesta publicación.

LOCALIDADES

A persoa abonada recibirá unha tarxeta de abonado/a que conterá as entradas co mesmo número de fila e butaca para todo o período de abono mercado. Poderase reutilizar a tarxeta de temporadas pasadas. Unha vez retirada a tarxeta a persoa farase responsable dela. Para os abonos individuais o Auditorio entregará un duplicado de tarxeta en caso xustificado de perda, deterioro, roubo ou destrución. Para os abonos colectivos non se entregarán duplicados de tarxeta, en caso de solicitude dunha nova tarxeta deberase abonar a cantidade de 5 € por tarxeta extraviada.

UTILIZACIÓN

A persoa abonada que non faga uso do abono, nalgún ou todos os concertos, non terá dereito a ningún reintegro económico.

A tarxeta de abono que dá acceso aos concertos estará identificada nominalmente, pero isto non impide que sexa transferible a outras persoas. No caso de que o/a abonado/a non poida asistir ao concerto, poderá asistir outra persoa no seu lugar coa súa tarxeta de abonado/a.

ORGANIZACIÓN

Se por razóns de organización houberse que programar un dos concertos de abono mediante aforo non numerado, a persoa abonada, aínda que estea en posesión das súas localidades numeradas, deberá atermos ás butacas dispoñibles no momento de acceder á sala, sen ningún dereito a esixir filas ou butacas ocupadas.

ALTERACIÓN

O Auditorio de Galicia resérvase o dereito de alterar o día, hora e lugar dos concertos, substituír a algún artista ou formación musical, así como cancelar calquera dos concertos programados. Calquera destes supostos non dará dereito ao reintegro do abono.

RENOVACIÓN DE ABONOS

Os días 26, 27, 28, 29 e 30 de xuño de 2023:

- No teléfono do Auditorio 981 571 026, de 11:00 h a 14:00 h.

NOVOS ABONOS

Os días 4, 5, 6 e 7 de xullo e 11, 12, 13, 14 e 15 de setembro de 2023:

- No despacho de billetes do Auditorio de Galicia de 11:00 h a 14:00 h.

ABONOS COLECTIVOS

Os días 19, 20, 21 e 22 de setembro de 2023, no despacho de billetes do Auditorio de Galicia de 11:00 h a 14:00 h.

- Haberá 50 abonos á venda a disposición de asociación culturais e veciñais, escolas de música e centros educativos públicos. Para a compra destes abonos deberá acreditarse documentalmente a pertenza aos colectivos especificados.
- Cada entidade poderá dispoñer dun único abono.
- Cada abono contén catro entradas por concerto.
- Deberá adquirirse o abono para toda a temporada.
- Serán asignadas filas e butacas unha vez rematada a renovación de abonos e compra de novos abonos.
- En caso de ter máis solicitudes que abonos colectivos dispoñibles, serán adxudicados por sorteo.

VENDA DE ENTRADAS

Venda anticipada:

Preferentemente deberase mercar as entradas en:

compostelacultura.gal

- Na Zona C. Punto de información cultural (Preguntoiro, 1. Praza de Cervantes). De martes a sábado de 11.00 h a 14.00 h e de 16.00 h a 19.00 h e domingo de 11.00 h a 14.00 h.
- No despacho de billetes do Auditorio de Galicia ou no teléfono 981 571 026, só os días do concerto de 19.00 h a 20.30 h.

DESCONTOS E PREZOS ESPECIAIS

- As entradas soltas para cada concerto terán os descontos habituais do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas. Descontos non acumulables. Só se pode aplicar un desconto por entrada.
- A entrada para os Concertos familiares da RFG terá un prezo de 3 euros.

MODALIDADES DE ABONO

ABONO A

outubro 2023 – maio 2024

22 Concertos: 354,00€

25% desconto: 265,50€

Abono especial: 175,50€

ABONO B

outubro 2023 - xaneiro 2024

12 Concertos: 183,00 €

15% desconto: 155,55 €

Abono especial: 91,50 €

ABONO C

febreiro - maio 2024

10 Concertos: 171,00€

15% desconto: 145,00€

Abono especial: 84,00€

ABONO (EN)FOCO

abril - maio 2024

5 concertos (3 concertos ciclo (EN)FOCO
+ 2 concertos a eleixir do abono A): 50,00 €

(1): Abono Especial (para estudantes e xubilados co 50% de desconto)

(2): Abono Colectivo: 500,00 €

(3): Os concertos do ciclo (EN)FOCO serán de balde para o ABONO A

CRÉDITOS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

DIRECTOR ARTÍSTICO E TITULAR

Baldur Brönnimann

DIRECTORA CONVIDADA

Joana Carneiro

DIRECTOR ASOCIADO

Maximino Zumalave

FRAUTAS

Laurent Blaiteau

Luis Soto

ÓBOES

Christina Dominik

Esther Viúdez

CLARINETES

Beatriz López

Vicente López

FAGOTS

Juan Carlos Otero

Manuel Veiga

TROMPAS

Jordi Ortega

Alfredo Varela

Xavier Ramón

TROMPETAS

Javier Simó

Ramón LLátser

TIMBAL

José Vicente Faus

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino

Adriana Winkler, axuda de concertino

Anca Smeu, copríncipal

Ildikó Oltai

Anna Alexandrova

Ilya Fisher

Claudio Guridi

Victoria Jurov

Daniel Kordubaylo

Yulia Petrushevskaya

Michal Ryczel

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora

Nikolay Velikov

Samira Ajkic

Irina Gruia

Kiyoko Ohashi

Enrique Roca

Helena Sengelow

Elna Viksne

Gyula Vadaszi

VIOLAS

Tilmann Kircher

Natalia Madison

Oxana Bakulina

Ionela Ciobotaru

Iriana Fernández

Timur Sadykov

Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS

Plamen Velev

Barbara Switalska

Millán Abeledo

Carlos García

Thomas Piel

Manuel Lorenzo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez

Alfonso Morán

Oriol Xicart

EQUIPO TÉCNICO DA RFG

DIRECTORA TÉCNICA

Sabela García Fonte

COORDINADORA DE ACTIVIDADES

Mariluz González Domínguez

PRODUCCIÓN

Esther Calvo Vázquez

ADMINISTRACIÓN

Aurora Díaz Varela

ARQUIVEIRA

María del Carmen Lorenzo Vizcaino

ASISTENTE OFICINA

Emma Alonso Ramonet

UTILLEIROS

Francisco Fernández

Juan Ramos (Servicio Móvil)

CONSORCIO DE SANTIAGO

CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Presidencia

Goretti Sanmartín Rei

Alcaldesa de Santiago de Compostela

Vicepresidencias

María del Pilar Paneque Sosa

Subsecretaria do Ministerio de Facenda e Función Pública

Román Rodríguez González

Conseleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e

Universidades da Xunta de Galicia

Vogalías

Jesús Manuel Gómez García

Subsecretario de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana

María Pérez Sánchez-Laulhé

Subsecretario do Ministerio de Cultura e Deporte

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente segundo e conseleiro da Presidencia, Xustiza e

Deportes da Xunta de Galicia

Miguel Corgos López-Prado

Conseleiro de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia

Gonzalo Muíños Sánchez

Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela

Borja Vereza Fraiz

Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela

Secretaría

José Manuel González García

Secretario do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

Asisten con voz e sen voto

Belén Hernández Lafuente

Xerente do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

Juan Ramón González Carnero

Responsable de control do Consorcio da Cidade de Santiago de

Compostela

Por invitación da presidencia: María Rozas Pérez

Concelleira do Concello de Santiago de Compostela

COMISIÓN EXECUTIVA

Presidencia

Goretti Sanmartín Rei

Alcaldesa de Santiago de Compostela

Vogalías

Juan Ángel Esteban Paul

Inspector xeral do Ministerio de Facenda e Función Pública

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Secretario de Cultura da Xunta de Galicia

Secretaría

José Manuel González García

Secretario do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

Asisten con voz e sen voto

Juan Ramón González Carnero

Responsable de control do Consorcio da Cidade de Santiago de

Compostela

Belén Hernández Lafuente

Xerente do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela

Gonzalo Muíños Sánchez

Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela

Borja Vereza Fraiz

Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela

Por invitación da presidencia: María Rozas Pérez

Concelleira do Concello de Santiago de Compostela

UNIDADE ADMINISTRATIVA

Laura Castro Caamaño

Emilia Díaz Varela

Elisa González Rosendo

Jorge Sampayo Salgueiro

Mercedes Suárez Louzao

Begoña Vázquez Rodríguez

AUDITORIO DE GALICIA

CONSELLO REITOR

Presidenta

Goretti Sanmartín Rei

Alcaldesa de Santiago de Compostela

Vogais

José Antonio Constenla Ramos

Miriam Louzao Fernández

Mercedes Rosón Ferreiro

María Rozas Pérez

Secretario

José Ramón Alonso Fernández

Interventor

Juan Ramón González Carnero

Director-Xerente

Xaquín López González

Persoal

David Areán Rivas

Chus Busto Castiñeiras

Santiago Cabrera Fontenla

Rogelio Fernández García

Antonio Liñares Fernández

Carlos Marcote Antelo

José Mayo Suárez

Carlos Millán Calenti

Silvia Modia Ferreiro

Ángeles Otero Cabanas

Ana Parga Salgado

Ángela Pereira Costa

Javier Rodríguez Sanmartín

José Rodríguez Sanmartín

Antonio Vientes Balsa

CREATIVIDADE E COMUNICACIÓN

Textos do programa

Rosa María Fernández

Doutora en Musicoloxía

Deseño e maquetación

Tamara Castro Laplaña

Laura Fernández Patiño

(100x100 Comunicación + Creatividade)

Redes sociais

Julia González Yáñez

(100x100 Comunicación + Creatividade)

Prensa

Alberto Rivera Rey

(100x100 Comunicación + Creatividade)



www.rfgalicia.org

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

